

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP A RUA
CURSO: 3º
MATERIA: INGLES
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA:11/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén coapoio visual correspondente.	3º PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.
Comprende, con modelos sinxelos, preguntas moi básicas.	3º.PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
Recoñece estruturas elementais cando se dirixen a el en transaccións habituais e breves.	3º-PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións)
Amosa unha actitude respetuosa na clase.	, 3º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta.
Comprende frases sinxelas, co apoio do docente, sobre temas traballados	3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
. Usa frecuentemente saúdos, despedidas e fórmulas de cortesía	. 3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).
identifica, de forma guiada, palabras e frases de alta frecuencia, contextualizadas en temas habituais e apoiadas con imaxes	3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.
COMPETENCIAS Competencia en comunicación lingüística Competencia social e cidadá	

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>De acordo coas <i>Instruccións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia</i>, a avaliación deste terceiro trimestre será continua e terá un carácter diagnóstico e formativo. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das clases só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado. O profesorado adaptará o sistema de avaliación, co obxectivo de que o alumnado poida continuar avanzando na súa formación, tendo especialmente en conta a situación dos estudantes máis vulnerables. A repetición de curso será excepcional e proporase unicamente nos casos, debidamente xustificadas, de alumnado cun historial académico de dificultades de aprendizaxe para o que a permanencia no mesmo curso sexa a medida que mellor lle permita progresar no desenvolvemento das competencias recollidas no currículo. O profesorado emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polo seu alumnado no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación dos mesmos. Estes informes serán tidos en conta de cara á programación do curso 2020-2021.</p> <p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..• Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...• Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...• Cuestionarios: probas orais, probas escritas.• Probas específicas
-------------------	---

	Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<u>As actividades as busco en internet, son fichas variadas sobre temas dados no primeiro e segundo trimestre</u>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>Neste terceiro trimestre envío fichas que serven como repaso, reforzo sobre temas dados no primeiro e o segundo trimestre. As fichas as poden facer de maneira dixital pero tamen teñen a posibilidade de imprimilas aqueles nenos/nenas que non teñan acceso a internet.</u>
Materiais e recursos	<u>Uso material on line para traballar vocabulario e estruturas dadas</u>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias.</p> <p>Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.</p>
Publicidade	<p>Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.</p>